

TRANSPARENCIA E GOBERNO ABERTO

O 15 de febreiro de 2016 publícase no Diario Oficial de Galicia a Lei 1/2016 de transparencia e bo goberno. A crecente exigencia cidadá de control público da actividade das institucións, así como a necesidade de adaptar as leis existentes en Galicia ao novo marco legal derivado da aprobación de nova lexislación básica, concretamente a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, aconsellaron a aprobación deste novo texto, unha nova norma que integra toda a regulación referida á rendición de contas dos poderes públicos galegos.